



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1º. -

1.- O pago do imposto de vehículos de tracción mecánica acreditarase:

- a) No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, mediante recibos tributarios.
- b) No caso de primeiras adquisicións de vehículos, ou cando éstos se reformen de xeito que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, mediante carta de pago.

Artigo 2º. -

1.- No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando éstos se reformen de xeito que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar desde a data de adquisición ou reforma, declaración por este imposto según modelo aprobado polo Concello ó que se acompañarán a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2.- Pola oficina xestora practicarase a correspondente liquidación normal ou complementaria, que será notificada individualmente ós interesados, con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

Artigo 3º. -

1.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación o pago das cuotas anuais do imposto realizarase dentro do segundo semestre de cada exercicio.

2.- No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cuotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que se encontren inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3.- O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ó público polo prazo de quince días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no Boletín oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 4º. -

O imposto esixirase dacordo coas cuotas do cadro de tarifas do art. 96 da lei 39/88, de 28 de decembro (actualmente modificado polo art. 21.1. da lei 42/94 de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas, ou de orde social, que supón un incremento dos coeficientes respecto á redacción inicial. No caso de modificación posterior do cadro de tarifas esixirase dacordo coas novas tarifas, sen necesidade de modificación da ordenanza.

O Concello, ó abeiro do previsto no art. 96.4. da Lei 39/88, fixa no 1.1. o coeficiente de incremento das cuotas establecidas no apartado 1 do art. 96.

Artigo 5.-

Os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos gozarán dunha bonificación de 100% da cuota do imposto. A devandita antigüidade contarase a partir da data da súa fabricación ou se esta non se conocera, tramitarase como tal a da súa primeira matriculación, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Artigo 6.-

No que non esté expresamente previsto na presente ordenanza estarase ó disposto nos arts. 93 a 100 da Lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, da que a súa modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 27 de novembro de 2001 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín oficial da Provincia e será de aplicación a partires do seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.